

SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 08/07/2024

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

Lista de asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ
LINO MOURIÑO SANTIAGO
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
SONIA OUTÓN CASAL
PAOLA MARIA MOCHALES
DIEGO GARCIA SANTIAGO
CARLOS COIRA LOJO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

MANUEL FRANCO LEIS

RÉXIME INTERIOR

PRP2024/2474

Dáse conta do escrito presentado por Don Rafael Novo Rodríguez, solicitando a devolución do vehículo VMP ZWEEEL ZRINO/ ZT4Z52L7001083, inmovilizado o día 25 de marzo de 2024, por carecer de autorización administrativa con validez para a súa circulación.

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica que se deberán cumprir os seguintes requisitos para a súa devolución:

1º. Pago da taxa de inmovilización e depósito, por importe de 91,00€.

2º. Recoller o VMP en vehículo adecuado para evitar o seu desprazamento pola vía pública.

3º. Quedar informado a prohibición de circular con VMP de referencia pola vía pública.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a devolución do vehículo inmovilizado, unha vez se cumpran os requisitos indicados no informe da Policía Local.

PRP2024/2550

Dáse conta do escrito presentado por Don Alejandro Ak Marín, solicitando autorización para instalar un posto de Foodtruck Bocatería os días 19, 20 e 21 de xullo no parque Miguel Hernandez, con motivo do festival Atlantic Fest 2024. A Xunta de Goberno Local acorda denegar a solicitude.

PRP2024/2567

Dáse conta do escrito presentado por Don Pablo Teijeiro Saavedra solicitando que se habilite o pago en efectivo ou tarxeta para pago de uso das instalacións deportivas de Fontecarmoa, que dende fai varios meses non é posible por mor das reformas do pavillón, expoñendo que a única forma de pago e realizando unha transferencia bancaria con antelación á realización da actividade deportiva.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que ao remate das obras o pago do uso das instalacións deportivas poderá realizarse con todos os medios anteriormente

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 08/07/2024 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 01-jul-2024, que se aprobou por unanimidade.

posibles, estándose a xestionar a contratación con unha entidade bancaria do subministro dunha terminal para o pago con TPV.

PRP2024/2506

Dáse conta do escrito presentado por D. Pablo Pérez Eyre e/n Xclub Baloncesto El Doce, solicitando autorización para organizar unha festa con actuación musical o día 13 de xullo de 2024 na rúa Baldosa, en horario de 17:00 a 23:00 horas, con motivo do 40 aniversario da Fundación do Clube.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000,00€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2024/2570

Dáse conta do escrito presentado por Dona Clara Pino Bañón e/n A.C. Galicia Ferosa, solicitando autorización para celebrar unha romaría na praia de Bamio o día 27 de xullo de 2024, solicitando ademais colaboración municipal coa cesión dunha tarima de 5x4m, para actuación do coro Galicia Ferosa e conexión á rede eléctrica para un altavoz.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a celebración da citada romaría e aprobar a colaboración municipal solicitada, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2024/2571

Dáse conta do escrito presentado por Duque Cafe Bar CB, solicitando autorización para colocar dúas pantallas de televisión nos locais Abadía do Duque e Bar Duque, o día 5 de xullo de 18 a 21 horas o 9 de xullo de 21 a 23 horas, e o 14 de xullo de 21 a 23 horas, con motivo dos partidos

de cuartos de final, semifinall e final da Eurocopa.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2024/2572

Dáse conta do escrito de Dona Ivanessa Gens Blanco, solicitando autorización para instalar un posto de rosquillas, de 3 metros, no parque Miguel Hernández, con motivo do Festival Atlantic Fest 2024 os días 19, 20 e 21 de xullo. A Xunta de Goberno Local acorda denegar a solicitude.

PRP2024/2573

Dáse conta da comunicación de Aralia Servizos Sociosanitarios, S.A. sobre resultados negativos na prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) durante os meses de decembro 2023, xaneiro, febreiro e marzo de 2024:

<u>Ingresos</u>	<u>Gastos</u>	<u>Resultado Negativo</u>
<u>DECEMBRO 2023</u>		
90.651,90€	146.729,13€	-56.077,23€
<u>XANEIRO 2024</u>		
93.317,34€	115.932,27€	-35.679,36€
<u>FEFREIRO 2024</u>		
91.904,82€	104.875,91€	-25.837,76€
<u>MARZO 2024</u>		
96.488,25€	110.657,11€	-27.677,22€
Total Resultado Negativo decembro 2023, xaneiro, febreiro e marzo 2024: 145.271,57€		

A Xunta de Goberno Local queda sabedora, facendo constar que o Concello antes de realizar o seu abono, deberá acreditarse documentalmete o gasto, e emitirse os informes municipais correspondentes do servizo, no suposto que proceda legalmente.

PRP2024/2574

Dáse conta da acta de reunión trimestral celebrada o día 13 de xuño de 2024, con representantes da Empresa Concesionaria do servizo de limpeza e recollida de residuos urbanos URBASER SAU e os representantes do concello (Concelleiro de Servizos e Medio Rural, os Mestres Composteiros, o Encargado do Servizo Municipal de Medio Ambiente e traballador municipal do Servizo de medio Ambiente) en relación co seguimento do contrato e comunicación dirixda ás moblerías con actividade no Concello de Vilagarcía, na que se trataron os seguintes temas:

- Recollida residuos no porto comercial, Divina Pastora, Larsa, Centro Formación Bamio, outros.
- Contedor marrón de residuos orgánicos, problema coas pechaduras, localización contedores, campaña produtores singulares, material para produtores(bolsas, cubos e distintivos), evitar solamento coa compostaxe comunitaria.
- Mellora servizo de recollida de volminosos e podas(vehículo novo, frecuencia, campañas informativas, etc)
- Solución para voluminosos moblerías: obriga a xestión propia/facilitar depósito en punto limpo.
- Ampliación zonas punto limpo móbil, definir localización.
- Posta en funcionamento da plataforma de control do servizo e do sistema informático.
- Posible aplicación de penalidades por demoras/incumprimentos a partir do primeiro ano de contrato.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda notificar aos titulares das moblerías con actividade no Concello as novas indicacións con respecto aos residuos xerados como resultado da súa actividade, pois deberán contar cun xestor propio ou adherirse a un Sistema Colectivo de Responsabilidade Aplicada do Producto (SCRAP).

PRP2024/2564

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Plataforma Cia de Retail, S.A.U. para subministro dunha furgoneta Peugeot Expert, por un importe total de 18.060,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 1530-62400.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/2611

Acórdase o recoñecemento de obriga, da relación que a seguir se indica, correspondente ao expediente de rehatilitación protexida na área de rexeneración e renovación urbana ARRU DE CASCO VELLO 6ª FASE(EXPTE. ARRU-CV 03/2020), Alcalde Rey Daviña 53:

DATOS DAS VIVENDAS E LOCAIS	%	SUBV. MINISTERIO	SUBV. XUNTA	TOTAL
9364301NH1196S0003WL (Pta 1)	20,00 %	3.337,38 €	1.157,62 €	4.495,00 €
77422843J Patricio Esteban Serqueira Keenehan				
9364301NH1196S0004EB (Pta 2_B)	15,00 %	2.503,04 €	868,22 €	3.371,26 €
35463049Q Juana María González Acha				
9364301NH1196S0005RZ (Pta 2_A)	5,00 %	834,35 €	289,41 €	1.123,76 €
52939012G Begoña Rañó Torres				
9364301NH1196S0006TX (Pta 3)	20,00 %	3.337,38 €	1.157,62 €	4.495,00 €
44458053L Catalina Figueroa Darrosa				
9364301NH1196S0007YM (Pta 4)	15,00 %	2.503,04 €	868,22 €	3.371,26 €
35477988M Xiomara González Méndez				

9364301NH1196S0001MJ (Pta 0_1)	15,00 %	2.503,04 €		2.503,04 €
B36989671	Opticas Isla de Naron			
9364301NH1196S0002QK (Pta 2_2)	10,00 %	1.668,69 €		1.668,69 €
B36989671	Opticas Isla de Naron			
TOTAL		16.686,92 €	4.341,09 €	21.028,01 €

PRP2024/2613

Acórdase o recoñecemento de obriga, da relación que a seguir se indica, correspondente ao expediente de rehatilitación protexida na área de rexeneración e renovación urbana ARI Nucleo de C. Vello (expte: ARRU-CV 09/2020) a instancia de CP Galerías Fandiño:

DATOS DAS VIVENDAS E LOCAIS	%	SUBV. MINISTERIO	SUBV. XUNTA	TOTAL
9160902NH1196S0007SM (Pta 1_Esq) Josefina Fandiño alugado a Guillermo Fernandez	10,05 %	303,94 €	105,42 €	409,36 €
9160902NH1196S0008DQ (Pta 1_Der) ABANCA Corporación Bancaria S.A.	11,11 %	335,99 €	0,00 €	335,99
9160902NH1196S0009FW (Pta 2_Esq) Fernando Rodríguez Veiga	10,05 %	303,94 €	105,42 €	409,36 €
9160902NH1196S0010SM (Pta 2_Der) Alejandro Pardal Martinez e Raquel González	11,11 %	335,99 €	116,54 €	452,53 €
9160902NH1196S0011DQ (Pta 3_Esq) Petra Castellanos alugado a Edelmira Grosso	10,05 %	303,94 €	105,42 €	409,36 €
9160902NH1196S0012FW (Pta 3_Der) Josefina Fandiño alugado a Guillermo Gomez	11,11 %	335,99 €	116,54 €	452,53 €
9160902NH1196S0013GE (Pta 4_Esq) Josefina Fandiño Lopez	10,05 %	303,94 €	105,42 €	409,36 €
9160902NH1196S0014HR (Pta 4_Der) Maria José Gomez Fandiño e Javier Bouzada	11,11 %	335,99 €	116,54 €	452,53 €
9160902NH1196S0001YJ (Local 0_1) 9160902NH1196S0002UK Josefina Fandiño	3,26 %	98,59 €		98,59 €
9160902NH1196S0003IL (Local 0_2) Josefina Fandiño	4,17 %	126,11 €		126,11 €
9160902NH1196S0005PZ (Local 0_5) Josefina Fandiño	2,95 %	89,21 €		89,21 €
9160902NH1196S0006AX (Local 0_3) Josefina Fandiño	1,63 %	49,29 €		49,29 €
9160902NH1196S0004OB (Local 0_4) Josefina Fandiño	3,35 %	101,31 €		101,31 €
TOTAL	100,00 %	3.024,23 €	771,30 €	3.795,53 €

PRP2024/2614

Acórdase o recoñecemento de obriga, da relación que a seguir se indica, correspondente ao expediente de rehatilitación protexida na área de rexeneración e renovación urbana Ari Nucleo DE CASCO VELLO (EXPTE. ARRU-CV 02/2020), C.P.Arzobispo Lago 25:

DATOS DAS VIVENDAS E LOCAIS	%	SUBV. MINISTERIO	SUBV. XUNTA	TOTAL
9159301NH1195N0001YG (Pta 0_Esq) Jesús Adolfo Crusat Méndez	11,46 %	708,69 €	0,00 €	708,68
9159301NH1195N0002UH (Pta 0_Der) Luís Diéguez Fernández Domicilio de Mª Mercedes Dieguez Maneiro	11,05 %	683,34 €	237,02 €	920,35
9159301NH1195N0003IJ (Pta 1_Esq) Fernando Crusat Méndez	13,07 %	808,24 €	0,00 €	808,24
9159301NH1195N0004OK (Pta 1_Der) Montserrat Lerma Rey	12,76 %	789,07 €	0,00 €	789,07
9159301NH1195N0005PL (Pta 2_Esq)	13,07 %	808,24 €	280,35 €	1088,59

Juan Rodríguez García Domicilio de Mª Mercedes Espiñeira Alonso				
9159301NH1195N0006AB (Pta 2_Der)	12,76 %	789,07 €	273,70 €	1062,77
Juan Rodríguez García Domicilio de Mª Mercedes Espiñeira Alonso				
9159301NH1195N0007SZ (Pta 3_Esq)	13,07 %	808,24 €	0,00 €	808,24
Manuel Perez-Batallón Ordoñez				
9159301NH1195N0008DX (Pta 3_Der)	12,76 %	789,07 €	0,00 €	789,07
Mª Carmen Antonia Lerma Rey				
TOTAL		6.183,96 €	791,07 €	6.975,01 €

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2024/2636

En base ao informe emitido pola Coordinadora de Servizos Sociais, en relación ao gasto a asumir polo Concello relativo á atención educativa e comedor da Escola Infantil Municipal do mes de XUÑO 2024,

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das seguintes contías:

1. Custe derivado da aplicación das bonificación do Decreto 49/2012 de réxime de prezos das escolas infantís 0-3 a asumir polo Concello en concepto de :
 1. Atención educativa: 17.373,68€
 2. Comedor: 6.856,66€
2. Custe que lle correspondería aboar ás familias e a asumir pola Xunta de Galicia de acordo coa Orde do 10 de Agosto de 2023 en concepto de
 1. Atención educativa: 8.396,16€

Polo tanto, a Xunta de Goberno Local, a acorda:

- Aprobar o pago a favor da Escola Infantil Municipal, Bonecos Vilagarcía, S.L. con C.I.F. nº B 94065661, en concepto de bonificación municipal pola atención educativa e comedor e gratuidade da atención educativa para as familias do mes de XUÑO 2024, por importe de 32.626,50€, con cargo á partida 3213.48007.

EMPREGO

PRP2024/2576

Vista a proposta da Directora do Obradoiro Dual de Emprego "Forme 2023", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Kaeme, Consultoría y Prevención, S.L. para a impartición da actividade complementaria "Inserción Laobral, Técnicas de Busca de Emprego" ao alumnado das especialidades de Albanelería e Carpintería do Obradoiro, cunha duración total de 15 horas, por un importe total de 750,00€, con cargo á partida 2412.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/2577

Vista a proposta da Directora do Programa de Emprego Labora Xove 2023, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Grupo Electro Stock S.L.U. para o subministro

de materiais para a instalación e montaxe de enerxías solares fotovoltaicas, por un importe de 9.914,06€ (IVE incluído), con cargo á partida 2412.62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2024/2411

Vista a proposta das Concelleiras de Educación e Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases de axudas á educación infantil para familias con alumnos matriculados en centros sostidos con fondos públicos e escolas infantís autorizadas de Vilagarcía de Arousa para o curso 2024/2025, cun orzamento total de 21.000,00€, con cargo ás partidas 231.48003 (8.500,00 €) e 320.48003 (12.500,00 €), realizando unha única convocatoria do 1 ao 30 de setembro.

PRP2024/2412

Vista a proposta das Concelleiras de Educación e Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as Bases Reguladoras do outorgamento de axudas para estudantes universitarios/as e de ciclos superiores de formación profesional, curso 2024/2025, que, residindo en Vilagarcía de Arousa, realicen os seus estudos fóra do termo municipal, cun orzamento total de 68.000,00 €, con cargo ás partidas 231.48003 (34.000,00 €) e 320.48003 (34.000,00 €), cos seguintes tipos de axudas:

- Estudos Universitarios: axuda 425 €
- Estudos Ciclos Superiores : axuda 225 €

PRP2024/2578

Dáse conta da publicación no DOG de data 6 de xuño de 2023 , do extracto da Orde do 29 de maio de 2024, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se convocan axudas dirixidas a escolas de música públicas e escolas de música privadas dependentes de institucións sen ánimo de lucro (códigos de procedemento ED314E).

O prazo de presentación da solicitude será de 1 mes, contado a partir do seguinte á publicación no DOG.

Dáse conta de informe do Director da Escola Municipal de Música en relación coa solicitude de subvención presentada.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

MERCADOS

PRP2024/2581

Dáse conta da solicitude de Dona Rosa María Martiñan Diz, solicitando autorización e formalizar os trámites para adquirir en transferencia o posto nº 43 da Praza do Peixe da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, dos que son concesionarios Dn Joaquin Roque Martiñan Diz e Don David Martiñan Diz.

En base ao Regulamento das Prazas de Abastos de Vilagarcía, aprobado definitivamente en

sesión plenaria de 26 de xaneiro de 2023, se pode solicitar as formalizacións de transferencias das concesións dos postos.

O proceso de transmisibilidade das concesións está preceptuado no Artigo 22 do Regulamento das Prazas de Abastos. A transferencia será polos anos que queden de vixencia da concesión.

No seu punto 3) de que cando se realice o traspaso o Concello terá dereito a percibir o 20% do prezo no que se fixe a transmisión, cun mínimo equivalente o 10% do prezo fixado na derradeira transmisión do posto, actualizado co IPC. Ambas partes acreditan en documento firmado a cantidade acordada pola transmisión, 4.000,00 €.

A efectos de evitar especulación cos postos o Concello poderá solicitar informe técnico aos efectos de determinar se o prezo pactado entre ambas partes é acorde cos prezos medios do mercado no Concello.

No punto 4) di que a transmisión da concesión solicitarase a instancia de parte, mediante solicitude escrita do interesado á Xunta de Goberno Local.

Logo da comunicación efectuada polo interesado, se procederá á apertura dun período de información pública por prazo de 15 días, a efectos de que os posibles interesados na transmisión formulen as súas ofertas.

Finalizado o prazo de exposición pública, o/a Xefe/a de Mercados emitirá un informe que será elevado xunto co expediente completo á Xunta de Goberno Local, quen deberá decidir da procedencia ou non da transmisión de dos termos da mesma.

No suposto de acordar a Xunta de Goberno Local a conformidade do traspaso, realizarase polo/a transmitente e beneficiario/a unha comparecencia ante o/a responsable do mercado, ratificándose na correspondente proposta da liquidación da taxa que proceda.

Polo tanto o segundo paso sería a apertura dun período de información pública desta solicitude por prazo de 15 días.

Visto o informe do Xefe de Mercados a Xunta de Goberno Local acorda a apertura dun período de información pública por prazo de 15 días a través da sede electrónica municipal (sede.vilagarcia.gal), a efectos de que os posibles interesados na transmisión formulen as súas ofertas.

PRP2024/2582

Dáse conta da solicitude de Dona Rosa María Martiñán Diz, solicitando autorización e formalizar os trámites para adquirir en transferencia o posto nº 42 da Praza do Peixe da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, dos que son concesionarios Don Joaquin Roque Martiñán Diz e Dona Teonila Suárez Ramos.

En base ao Regulamento das Prazas de Abastos de Vilagarcía, aprobado definitivamente en sesión plenaria de 26 de xaneiro de 2023, se pode solicitar as formalizacións de transferencias das concesións dos postos.

O proceso de transmisibilidade das concesións está preceptuado no Artigo 22 do Regulamento das Prazas de Abastos. A transferencia será polos anos que queden de vixencia da concesión.

No seu punto 3) de que cando se realice o traspaso o Concello terá dereito a percibir o 20% do prezo no que se fixe a transmisión, cun mínimo equivalente o 10% do prezo fixado na derradeira transmisión do posto, actualizado co IPC. Ambas partes acreditan en documento firmado a cantidade acordada pola transmisión, 4.000,00 €.

A efectos de evitar especulación cos postos o Concello poderá solicitar informe técnico aos efectos de determinar se o prezo pactado entre ambas partes é acorde cos prezos medios do mercado no Concello.

No punto 4) di que a transmisión da concesión solicitarase a instancia de parte, mediante

solicitude escrita do interesado á Xunta de Goberno Local.

Logo da comunicación efectuada polo interesado, se procederá á apertura dun período de información pública por prazo de 15 días, a efectos de que os posibles interesados na transmisión formulen as súas ofertas.

Finalizado o prazo de exposición pública, o/a Xefe/a de Mercados emitirá un informe que será elevado xunto co expediente completo á Xunta de Goberno Local , quen deberá decidir da procedencia ou non da transmisión de dos termos da mesma.

No suposto de acordar a Xunta de Goberno Local a conformidade do traspaso, realizarase polo/a transmitente e beneficiario/a unha comparecencia ante o/a responsable do mercado, ratificándose na correspondente proposta da liquidación da taxa que proceda.

Polo tanto o segundo paso sería a apertura dun período de información pública desta solicitude por prazo de 15 días.

Visto o informe do Xefe de Mercados a Xunta de Goberno Local acorda a apertura dun período de información pública por prazo de 15 días a través da sede electrónica municipal (sede.vilagarca.gal), a efectos de que os posibles interesados na transmisión formulen as súas ofertas.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2024/2583

Dáse conta do escrito de Augas de Galicia remitindo propostas específicas para a xestión do risco de inundación de ARPSI do río Con-Vilagarcía, sendo éstas as seguintes:

1- A construción de dúas zonas de inundación controlada, coa finalidade de laminar as posibles avenidas do río de O Con e do rego de Leiro e así minimizar o efecto das inundacións na zona urbana. Esta medida reducirá moi significativamente a marcha de inundación e as afeccións a moitas vivendas do núcleo urbano que están en zona inundable.

2- A ampliación do espazo que deixan ao río as seguintes pontes: rúa Ramón Cabanillas, Rúa Santa Eulalia, Rúa Fariña Ferreiro, Pasarela de madeira e Avda. Doutor Tourón. Ésta actuación permitirá certa redución da mancha de inundación no núcleo urbano.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.(A documentación pódese descargar do seguinte enlace:<https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/jfsFfRRms2QaJ55>)

PRP2024/2585

Dáse conta do seguinte Informe de Espina & Delfín en relación ao verquido por desbordamento na edar de Ferrazo:

No día 22 de xuño de 2024, prodúcese un alivio puntual de auga residual sen depurar á ría dende o pretratamento da EDAR de Ferrazo por fallo puntual do autómatas coincidindo co momento de marea alta, a cal provoca que haxa máis caudal filtrado na rede de sanemanto.

Tras a reparación, comprobouse que a instalación está a traballar correctamente ao máximo da súa capacidade.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/2587

Dáse conta do seguinte informe de Espina & Delfín en relación a verquido de graxas negras en pretratamento Edar Ferrazo:

No día 28 de xuño de 2024 produciouse unha entrada dun verquido de graxas negras no pretratamento da EDAR de Ferrazo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/2584

Dáse conta do escrito remitido por Sogama comunicando a actualización do canon único, debido ao encarecemento do custo do servizo. Polo que despois da reunión do Consello de administración de Sogama o canon medio fixado para o 2024 será de 78,00€ por tonelada (concretamenteo 68,05€/t de xaneiro a xuño(canon de 2023) acutalizado co IPC, e de 88,05€/t de xullo a decembro.

Para compensar esta actualización do canon, a Xunta de Galicia achegará 9 millóns de euros a través dun Fondo de Cooperación adicional co fin de minimizar o impacto da medida sobre as entidades Locais, polo que o canon final será de 66,00€/t.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

TURISMO

PRP2024/2413

A Concellería de Turismo está a traballar na promoción de Vilagarcía como lugar de celebración de concertos pola calidade dos espazos cos que conta, tanto en interior, como son os casos do Auditorio ou do recinto feiral de Fexdega, como no exterior, na Praia da Compostela ou na chamada Zona TIR, nas inmediacións do porto deportivo. Eses eventos supoñen por se mesmos un importante impacto económico na cidade pero ademais teñen un gran valor para dar a coñecer Vilagarcía como destino turístico.

New Live Promociones Culturales, S.L ten unha acreditada experiencia na organización de festivais como o que é obxecto desta proposta.

Por outra parte, as datas elixidas, do 19 ao 21 de xullo, supoñen xerar un forte atractivo en Vilagarcía fora das grandes citas que se celebran aquí no mes de agosto. As actividades programadas realizaranse principalmente nos 2 escenarios que se van instalar na Praia da Concha pero tamén se van levar ao auditorio ou a diversas rúas da cidade.

A previsión de gastos e ingresos que presentan e a seguinte:

PREVISIÓN DE GASTOS

CONCEPTO	IMPORTE € (SEN IVE)
GASTOS DE PRODUCCIÓN DE EVENTOS	258.500,00
CACHÉ DE ARTISTAS	390.000,00
GASTOS DE VIAJES	5.000,00
ALOJAMIENTOS	15.000,00
PROMOCIÓN Y PUBLICIDAD	12.300,00
TOTAL	680.800,00

PREVISIÓN DE INGRESOS

CONCEPTO	IMPORTE € (SEN IVE)
AXUDAS SOLICITADAS A ENTIDADES PÚBLICAS	147.000,00
AXUDAS SOLICITADAS A ENTIDADES PRIVADAS	50.000,00
AXUDA SOLICITADA AO CONCELLO DE VILAGARCÍA	50.000,00
PREVISIÓN DE TAQUILLA	300.000,00
OUTROS INGRESOS	20.000,00
APORTACIÓN SOLICITANTE	113.800,00

TOTAL	680.800,00
-------	------------

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión directa dunha subvención, por importe de 50.000,00€, a favor de New Live Promociones Culturales, S.L., con CIF B94136066, para a celebración do ATLANTIC FEST 2023, dende o 19 ao 21 de xullo de 2024 on cargo á partida 432.470.

PRP2024/2519

No Parque de A Xunqueira, a asociación DISQUEVAIDESTA celebrará, os días 5, 6 e 7 de xullo, o FESTIVAL ALLEN METAL FEST, no que colabora a Concellería de Cultura.

Resulta preciso a instalación de dous módulos de aeos, para o que se solicitou presuposto á empresa OCIO SPORT AROUSA, S.L., para o aluguer de

- 1 módulo de wc mixto, de 4,5 x 2, 3 m. (2wc mulleres, 2 wc homes, e 2 lavamáns)
- 1 módulo baño mixto de 3 x 2 m (1 wc, para homes; 1 wc para mulleres e 2 lavamáns)

O período será os días 5, 6, e 7 de xullo.

O presuposto que presenta a empresa, que se achega xunto con esta proposta, ascende a 1.210 € (IVE engadido), sendo a cargo do concello a instalación, mantemento, limpeza e arranxo en caso de danos.

A Xunta de Goberno Local acorda o orzamento presentado pola empresa Ocio Sport Arousa, S.L. por importe de 1.210,00€(ive engadido), con cargo á partida 432-203.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

CONSUMO

PRP2024/2523

Vista a proposta da Secretaría Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Teleservicio Instalaciones de Oficina SL para o subministro de unha cadeira de oficina para o departamento da OMIC, por un importe total de 429,55€ (IVE incluído), con cargo á partida 920.215.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

SPAD

PRP2024/2589

Vista a proposta da Directora do Servizo Preventivo Asistencial de Drogodependencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida pola Consellería de Sanidade para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades ou agrupacións de Concellos, polos gastos efectuados entre o 01/07/2023 e o 30/06/2024, que ascenden á contía de 55.503,47€.

CULTURA

PRP2024/2554

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños Grupo San Roque, por un importe total de 1.782,70€, con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
Curso de manualidades e pintura (mes de outubro)	263,53 €	Mª JESUS LOPEZ FIGUEIRA
Máquina de coser SINGER	320,00€	EMILIO JOSÉ VILLARES CARMONA(Exclusivas Villares)
Material	592,42€	Metrópolis Comics Vilagarcía, S.L.
Material escolar	138,00	Espacio do Lector
Material escolar	468,75€	Centros Comerciales Carrefour, S.L.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/2555

Vista a solicitude da Comisión de Festas San Martiño de Galáns, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Martiño os días 16 e 17 de novembro de 2024:

ASOCIACIÓN CULTURAL FOLCLÓRICA UNIÓN PIÑEIRA DE GUILLÁN, os días 16 e 17 de novembro, por un importe total de 540. desglosado do seguinte xeito:

16-11-2024: 315,00€

17-11-2024: 225,00€

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2024/2556

Vista a solicitude de Dona Paula Sal Coira e/n Asociación Cultural Lendaira, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 13 de xullo de 2024, durante todo o día, para celebración dun Festival de Verán ás 21 horas, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal. Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

A venda de entradas será a través da canle Ataquilla.com, cun prezo de entrada de: Zona A: 5 €; Zona B: 4 €; Zona C: 3€ , e a recadación será para a entidade solicitante.

